



COMUNICACIÓN 1 - curso 23/24

Estimadas familias,

A actividade lectiva do curso 2023/24 comezará o día **11 de setembro de 2023**, no horario normal do centro (**8:45-14:15h**). Durante as dúas primeiras horas da mañá o alumnado terá unha presentación co seu profesorado titor. Continuando co horario habitual no resto das horas ata as 14:15h.

Os servizos de **comedor e transporte** comezan igualmente ese mesmo día. Os solicitantes como **usuarios excepcionais do transporte** (distancia inferior a dous km ao centro) foron admitidos, por ter a data de hoxe vacantes, salvo alumnado de maior idade. Poden consultar a listaxe destes alumnos/as no taboleiro do centro ou a asignación das paradas na aplicación Abalar. A **utilización das prazas vacantes decaerá se cambian as circunstancias** que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente. Calquera **modificación ao longo do curso** será **comunicada** de xeito telefónico ou mediante comunicación Abalar ás familias dos afectados polo cambio.

Cada alumna/o pode coñecer a través de Abalar o **grupo de clase** en que foi incluída/o. Rogamos que revisen que as materias de elección están correctamente asignadas.

A **entrada ao recinto** do centro farase polo acceso xunto ao edificio principal, o alumnado transportado ten a obriga de acceder ao mesmo ao baixar do bus, igualmente subir ao mesmo á saída sen poder quedar no exterior. Unha vez dentro do recinto, o **alumnado de 1º e 2º** acceden directamente ao edificio principal para ir ás súas aulas respectivas (planta baixa 1º de ESO, planta primeira 2º de ESO). O **alumnado de 3º e 4º de ESO** teñen ás súas aulas no edificio anexo.

A **entrega dos libros en préstamo** do fondo comezará a partir do 12 de setembro. Prégase o forro dos mesmos de xeito adecuado para facilitar a súa boa conservación e non escribir, subliñar neles. Ao mesmo tempo iráselles dando **chave de taquilla** a todos aqueles alumnos/as que a solicitasen. Iranse repartindo por niveis e grupos segundo a dispoñibilidade de existencias.

Os **vales para axuda de material escolar e para libros do alumnado de necesidades específicas de apoio educativo** deben ser recollidos por nai/pai ou representante legal en administración.

A **entrega dos ordenadores e-DiXGAL en 1º de ESO** realizarase durante o mes de setembro, unha vez se teña a reunión informativa coas familias e se asine a documentación relativa ao uso e cesión.

Efectuarase unha **reunión do profesorado titor coas persoas responsables** do alumnado en próximas datas. Informarase da data e lugar da reunión en próximas comunicacións.

Desexando un bo comezo do curso, reciban un cordial saúdo.

A Coruña, 7 de setembro de 2023.

A dirección do centro.